

PLAN DE ADAPTACIÓN COVID

INDICACIONES PRINCIPALES PARA O PROFESORADO

Medidas de protección

Realización diaria do test de autoavaliación covid antes de vir ao centro. En caso de presentar algún dos síntomas compatibles, chamar ao centro para comunicar ao Equipo Covid ou Equipo Directivo a ausencia por este motivo.

Uso de máscara durante todo o tempo.

Distancia interpersonal de seguridade. 1, 5 m.

Normas de aula

Supervisión da limpeza de mans do alumnado cando este entre na aula.

Custodia e provisión de material de desinfección para que o alumnado limpe o seu pupitre e cadeira cando deba saír ou cambiar de aula.

Aviso a algún compoñente do Equipo Covid ou Equipo Directivo en caso de que algún alumno ou alumna presente síntomas compatibles.

Vixiar a correcta entrada e saída do alumnado na aula, evitando aglomeracións.

Manter a aula ventilada.

Respectar a disposición do alumnado na aula, vixiando a distancia de seguridade.

Normas específicas das salas do profesorado

Utilizar o xel hidroalcolico á entrada e saída das diferentes dependencias do profesorado.

Utilizar material de traballo propio.

Desinfectar o material de uso compartido, cando se utilice (ordenador, teléfono, etc.).

Deixar as mesas libres de material para que poidan ser desinfectadas adecuadamente.

Respectar o aforo que se indica en carteis de cada unha das salas do profesorado.

Outros

Recoméndase non ir á cafetería nos períodos de recreo, especialmente nos da ESO e Bacharelato. Seguramente será ese un bo momento para saír fóra e respirar.

Non entrar na conserxería debido ás súas reducidas dimensións. Para imprimir e fotocopiar documentos pódense entregar a través da xanela ou envialos directamente desde os ordenadores da Sala de traballo compartido.

Non entrar no interior da Secretaría. Para calquera solicitude ou cuestión, debe facerse a través do mostrador protexido da mesma.

Os titores e titoras e profesorado en xeral, procurarán realizar o contacto coas familias a través do teléfono ou outras vías telemáticas. De facelo de xeito presencial, farase con todas as garantías de seguridade na sala de pais/nais.